



CIRCULAR INFORMATIVA 11/2022

1. BOLSAS PARA ASISTIR ÁS XORNADAS DE AVOGADOS E AVOGADAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

A Xunta de Goberno do ICA Santiago na sesión do 21.06.2022 tomou o acordo de conceder **seis bolsas de 250 euros cada unha** para aquelas letradas e letrados exercentes que teñan interese en participar na décima edición destas xornadas, que terán lugar en León os vindeiros 7 e 8 de xullo.

Días: 7 e 8 de xullo de 2022

Lugar: León

Inscrición: ata o 4 de xullo

Programa e inscrición en: <https://www.abogacia.es/gl/formacion/x-jornadas-de-abogados-y-abogadas-de-violencia-de-genero/>

Solicitude e concesión das bolsas

- As solicitudes de bolsa deberán dirixirse ao enderezo electrónico contabilidade@icasantiago.org **ata o 30 de xuño ás 14 h.**
- Serán concedidas segundo a orde de recepción das solicitudes e **con preferencia para as letradas e letrados da quenda de oficio de violencia de xénero.**
- O aboamento das bolsas farase efectivo unha vez que se xustifique debidamente a inscrición e a asistencia ás xornadas.

2. AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA A ADQUISICIÓN DE TOGAS PROPIAS

Ante a boa acollida desta proposta e o elevado número de peticións recibidas ata o momento (máis de 180), a Xunta de Goberno acordou **ampliar o prazo ata o vindeiro 1 de xullo para poder encargar togas propias nas condicións ofertadas.**

Lembrámosvos que o prezo final de cada toga, tras as negociacións coa empresa de confección local e unha vez aplicada a subvención do Colexio, é de **50 euros máis IVE.**

Os pedidos poderán realizarse por correo electrónico dirixido á conta icajuzgado@icasantiago.org no que deberá especificarse o talle elixido. Neste correo ademais deberá autorizarse expresamente ao Colexio a cargar o importe de 50 euros máis IVE no número de conta en que se teñen domiciliadas as cotas colexiais; ou, no caso de preferir un número de conta distinto, indicalo no propio correo.

É recomendable probar as togas antes de facer os pedidos. Tanto na sede das Fontiñas como na de Eduardo Pondal estarán dispoñibles distintos números de talle (pequeno, mediano, grande e súper grande).

3. RECORDATORIO: PROGRAMA DE XESTIÓN QWOLAW DE VLEX

Lembrámosvos que dende o pasado 16 de maio na web do Colexio está á vosa disposición o programa de xestión de despachos Qwolaw da editorial vLex. Para acceder cómpre validar o usuario na páxina web colexial e despois ir ao apartado Biblioteca – Bases de datos. Unha vez dentro, haberá que acceder á base de datos de vLex e despois á pestana Qwolaw. No primeiro acceso haberá que crear un usuario e contrasinal, que serán os que se use cada vez que se acceda ao programa.



CIRCULAR INFORMATIVA 11/2022



Achégase un manual con indicacións para o acceso (PDF).

Para aclarar calquera cuestión poderase contactar no Colexio con:

- Carlos Polo (para cuestións técnicas ou informáticas)
- Manuel Arza (no relativo aos termos do convenio coa editorial)
- Soporte técnico vLex: 900 649 672 / 902 301 402